



CIRCULAR Nº 20

TEMPADA 2022/23

XXXIV CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO INDIVIDUAL E DOBRES – CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA

DATAS E LOCAL DE XOGO

17 de maio de 2023

[Club del Mar de San Amaro \(A Coruña\)](#)

PROBAS A DISPUTAR

Mércores, 17 de maio:

- Individual Masculino.
- Individual Feminino.
- Dobres Masculino.
- Dobres Feminino.
- Dobres Mixto.

SISTEMA DE XOGO

Sempre que o número de inscricións o permita, intentarase facer unha 1ª fase por grupos e unha 2ª fase eliminatória.

INSCRICIÓN

Tal como indica a normativa dos campionatos Galegos 22/23 ([Circular n12 – Normativa dos Campionatos Galegos](#)) os cupos de participación serán:

- Individual masculino: 32 xogadores
- Individual feminino: 32 xogadoras
- Dobres masculino: 16 parellas
- Dobres feminino: 16 parellas
- Dobres mixtos: 32 parellas

A inscrición será libre para todos aqueles xogadores/as con licenza en vigor e tramitada, como mínimo, antes de finalizar o prazo de inscrición do presente campionato.

Todas as inscricións deberán formalizarse mediante o **novo sistema de inscrición** da FGTM antes do **2 Maio de 2023 ás 14:00 h.**

Ó tratarse dun sistema de inscricións novo, recomendamos ós delegados dos clubs,



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Rúa Pablo Iglesias 2
15688 – Oroso (A Coruña)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

realicen as inscricións cun tempo prudencial de antelación para evitar posibles problemas co mesmo.

Para as probas individuais, cos xogadores/as inscritos elaborárase un ranking en función de:

- 1) Status en liga do xogador/a
- 2) Porcentaxe de vitorias na liga na que ten o status
- 3) En caso de empate das anteriores, decidirá o porcentaxe de vitorias tendo en conta todas as ligas xogadas
- 4) En caso de empate das anteriores, decidírase por sorteo.

Nas probas de dobres poderán inscribirse aqueles xogadores/as que obtivesen praza previamente na proba individual.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, a FGTM enviará a factura correspondente ó total das taxas de inscrición:

- Equipos: 10 €/equipo
- Individuais: 5 €/xogador/a
- Dobres: 5 €/parella.

Prégase ós clubs que non realicen ningún pago ata que non reciban a correspondente factura.

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta **Banco Santander ES75 0049 5600 1721 1000 4314**, indicando o número de factura, e enviando o xustificante de ingreso a tesoreria@fgtm.es.

Non se admitirá ningunha inscrición que non realizase o abono da factura nun prazo de 48 h despois de recibida e enviase o correspondente xustificante de pago.

Tal como se especifica na Circular nº 12 – Normativa dos Campionatos Galegos, aquelas inscricións recibidas fóra de prazo ou que non formalizasen o pago dos dereitos de inscrición no prazo indicado, para regularizar a súa situación, deberán aboar o dobre dos dereitos de inscrición arriba indicados. Estas inscricións, se se producen antes da publicación do listado definitivo de inscritos, serán admitidas sempre e cando veñan acompañadas do xustificante de pago. Se se producen despois, quedarán en reserva á espera de posibles baixas na competición.

Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á [Circular n12 – Normativa dos Campionatos Galegos](#), que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.

Oroso, 19 de Abril de 2023

Fernando Álvarez
Comité de Actividades FGTM